

## **POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO: 50 PROPOSTAS**

© Consello Económico e Social de Galicia

### **Edición:**

Consello Económico e Social de Galicia

### **Coordinación:**

Xosé H. Vázquez (Catedrático de Organización de Empresas da Universidade de Vigo)

### **Equipo técnico:**

Comisión Sectorial 3 do Consello Económico e Social de Galicia

Gabinete técnico do Consello Económico e Social de Galicia

Área de transferencia de coñecemento de REDE (*Research in energy, innovation and environment*) - Universidade de Vigo

### **Maquetación:**

Ardán – Consorcio da Zona Franca de Vigo

Ik.Onë – Deseño gráfico

### **Impresión:**

Tórculo Comunicación Gráfica, S.A.

Este documento pode consultarse tamén no sitio web do Consello:

[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)

A información que se inclúe nos documentos do Consello Económico e Social de Galicia, citando fontes e autores, reproducése exclusivamente para fins de investigación.

I.S.B.N.: 978-84-697-9269-8

Depósito legal: C 82-2018

# ÍNDICE

LIMIAR .....	7
DECLARACIÓN INSTITUCIONAL.....	9
<b>O CONTEXTO</b>	
<b>1. O SECTOR DA INDUSTRIA MANUFACTUREIRA E SERVIZOS AVANZADOS.....</b>	<b>15</b>
1.1. A natureza do sector manufactureiro e as políticas aplicables.....	17
1.2. A industria como base dun crecemento inclusivo.....	21
<b>2. MARCO DE REFERENCIA GLOBAL DA POLÍTICA INDUSTRIAL NOS DISTINTOS NIVEIS ADMINISTRATIVOS .....</b>	<b>29</b>
2.1. Ámbito comunitario .....	33
2.2. Ámbito estatal .....	37
2.3. Ámbito autonómico.....	41
2.3.1. RIS3 Estratexia de Especialización de Galicia.....	43
2.3.2. Axenda da Competitividade Galicia Industria 4.0.....	45
2.3.3. Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020 .....	47
<b>3. CAMBIO ESTRUTURAL E ESPECIALIZACIÓN PRODUTIVA EN GALICIA .....</b>	<b>51</b>
3.1. Xeración de valor e especialización produtiva da industria galega .....	56
3.2. A evolución do emprego manufactureiro .....	65
3.3. Produtividade e competitividade.....	78
3.4. Competitividade e internacionalización .....	82
3.5. Esforzo en I+D+i .....	89
3.6. Indicadores económicos .....	99
3.7. Fontes de financiamento .....	108
<b>4. DIAGNOSE DAS PRINCIPALES CADEAS DE SUBMINISTRO E SERVIZOS RELACIONADOS .....</b>	<b>111</b>
4.1. Industria do automóbil .....	115
4.1.1. Cualificacións .....	115
4.1.2. Finanzas .....	118
4.1.3. Innovación .....	121
4.2. Industria da construcción naval.....	126
4.2.1. Cualificacións .....	126
4.2.2. Finanzas .....	129
4.2.3. Innovación .....	132
4.3. Industria téxtil-moda.....	137
4.3.1. Cualificacións .....	137
4.3.2. Finanzas .....	140
4.3.3. Innovación .....	143
4.4. Industria de rochas ornamentais.....	148
4.4.1. Cualificacións .....	148
4.4.2. Finanzas .....	151
4.4.3. Innovación .....	154

<b>4.5. Industria alimentaria .....</b>	<b>159</b>
4.5.1. Cualificacións .....	159
4.5.2. Finanzas .....	163
4.5.3. Innovación .....	166
<b>4.6. Sectores baseados na economía do coñecemento.....</b>	<b>175</b>
4.6.1. Cualificacións .....	176
4.6.2. Finanzas .....	179
4.6.3. Innovación .....	182

## PRINCIPAIS ÁREAS DE INTERVENCIÓN

<b>5. REGULACIÓN DAS CONDICIÓNNS MARCO .....</b>	<b>191</b>
<b>5.1 Introdución.....</b>	<b>193</b>
<b>5.2. Regulación das condiciónns marco no contexto galego: aspectos clave .....</b>	<b>194</b>
5.2.1. Contorna de negocios.....	194
5.2.2. Problemas de competencia e crecemento empresarial .....	201
5.2.3. Eficiencia e calidad do sistema xudicial no ámbito mercantil e laboral .....	205
5.2.4. Transparencia e corrupción.....	212
5.2.5. Emisións á atmosfera e consumo de recursos naturais .....	216
5.2.6. Avaliación <i>ex post</i> de cambios regulamentarios e políticas.....	224
<b>5.3. Regulación das condiciónns marco no contexto estatal e internacional: tendencias de futuro.....</b>	<b>230</b>
<b>5.4. Diagnose previa da área de traballo dende a perspectiva galega .....</b>	<b>233</b>
<b>5.5. Que din as voces do sector?.....</b>	<b>235</b>
<b>6. FACTORES TERRITORIAIS DE COMPETITIVIDADE .....</b>	<b>239</b>
<b>6.1 Introdución.....</b>	<b>241</b>
<b>6.2. Factores territoriais de competitividade no contexto galego: aspectos clave .....</b>	<b>243</b>
6.2.1. Chan industrial.....	243
6.2.2. Infraestruturas físicas.....	247
6.2.3. TICs.....	254
6.2.4. Custo e calidad da subministración enerxética.....	258
6.2.5. Consolidación, colaboración e cooperación industrial.....	261
<b>6.3. Factores territoriais de competitividade no contexto estatal e internacional: tendencias de futuro.....</b>	<b>268</b>
<b>6.4. Diagnose previa da área de traballo dende a perspectiva galega .....</b>	<b>270</b>
<b>6.5. Que din as voces do sector?.....</b>	<b>271</b>
<b>7. CAPITAL HUMANO E RELACIÓNNS LABORAIS.....</b>	<b>275</b>
<b>7.1 Introdución .....</b>	<b>277</b>
<b>7.2. Capital humano e relacións laborais no contexto galego: aspectos clave .....</b>	<b>278</b>
7.2.1. Formación e distribución das habilidades cognitivas e non cognitivas .....	278
7.2.2. Demanda de cualificacións e formación para a industrialización e a profesionalización da xestión.....	282
7.2.3. Fórmulas de contratación, organización e negociación colectiva.....	290
7.2.4. Atracción e retención de talento .....	293
<b>7.3. Capital humano e relacións laborais no contexto estatal e internacional: tendencias de futuro .....</b>	<b>298</b>
<b>7.4. Diagnose previa da área de traballo dende a perspectiva galega.....</b>	<b>301</b>
<b>7.5. Que din as voces do sector? .....</b>	<b>303</b>
<b>8. INVESTIGACIÓN E INNOVACIÓN.....</b>	<b>309</b>
<b>8.1. Introdución.....</b>	<b>311</b>
<b>8.2. Investigación e innovación no contexto galego: aspectos clave.....</b>	<b>312</b>
8.2.1. Identificación de fallos de mercado para o estímulo da I+D .....	312
8.2.2. Fontes de aprendizaxe para a innovación en produto e proceso .....	315

8.2.3. Innovación en modelos de negocio: cambios necesarios na proposición de valor, xestión das operacións, clientes obxectivo e internacionalización .....	318
8.2.4. Busca de emprendedores, especialización e coordinación Industria 4.0: retos técnicos e implicacións organizativas e laborais .....	321
8.2.5. Colaboración, cooperación e transferencia de coñecemento (Universidade-Empresa-Sociedade-Administración) .....	326
8.2.6. Sistematización da I+D+i.....	330
8.2.7. Financiamento da I+D+i.....	334
<b>8.3. Investigación e innovación no contexto estatal e internacional: tendencias de futuro .....</b>	<b>338</b>
<b>8.4. Diagnose previa da área de traballo dende a perspectiva galega .....</b>	<b>340</b>
<b>8.5. Que din as voces do sector? .....</b>	<b>343</b>
<b>9. INVESTIMENTO E ATRACCIÓN/RETENCIÓN DE CAPITAIS .....</b>	<b>349</b>
<b>9.1. Introducción.....</b>	<b>351</b>
<b>9.2. Investimento e atracción/retención de capitais no contexto galego: aspectos clave.....</b>	<b>352</b>
9.2.1. Dimensión, acceso ao financiamento e estrutura de capital .....	352
9.2.2. Apertura comercial, fluxos e stocks nos mercados de capitais .....	358
9.2.3. Captación de investimentos internacionais do sector manufactureiro galego .....	363
9.2.4. Retención da actividade industrial “relocalizable”.....	369
<b>9.3. Investimento e atracción/retención de capitais no contexto estatal e internacional: tendencias de futuro .....</b>	<b>371</b>
<b>9.4. Diagnose previa da área de traballo dende a perspectiva galega .....</b>	<b>373</b>
<b>9.5. Que din as voces do sector? .....</b>	<b>375</b>
<b>LIÑAS DE ACTUACIÓN</b>	
<b>10. INTERVENCIÓNES POR ÁREA DE TRABALLO.....</b>	<b>381</b>
<b>10.1. Regulación das condicións marco .....</b>	<b>383</b>
<b>10.2. Factores territoriais de competitividade .....</b>	<b>395</b>
<b>10.3. Capital humano e relacóns laborais .....</b>	<b>405</b>
<b>10.4. Investigación e innovación .....</b>	<b>418</b>
<b>10.5. Investimento e atracción/retención de capitais .....</b>	<b>428</b>
<b>METODOLOXÍA</b>	
<b>11. ETAPAS E PROCESO SEGUIDO PARA A DEFINICIÓN DOS TRABALLOS .....</b>	<b>441</b>
<b>11.1. Gobernanza.....</b>	<b>446</b>
<b>11.2. Definición dos grupos de traballo .....</b>	<b>447</b>
<b>11.3. Análise do estado da arte .....</b>	<b>455</b>
<b>11.4. O contexto .....</b>	<b>456</b>
<b>11.5. Principais áreas de intervención .....</b>	<b>457</b>
<b>11.6. Liñas de actuación .....</b>	<b>458</b>
<b>AGRADECIMENTOS .....</b>	<b>463</b>
<b>REFERENCIAS .....</b>	<b>469</b>
<b>ÍNDICE DE FIGURAS .....</b>	<b>487</b>
<b>ÍNDICE DE TÁBOAS .....</b>	<b>495</b>
<b>ANEXOS.....</b>	<b>503</b>
Anexo I: Dimensións do “Indicador Ardán de Empresa Innovadora” .....	505
Anexo II: Detalle dos procedementos recollidos en catro dos indicadores <i>Doing Business 2015</i> .....	507
Anexo III: Proxectos e iniciativas vinculadas ás propostas (en curso/realizadas) .....	511



## LIMIAR



**Corina Porro Martínez**  
Presidenta do Consello Económico e Social de Galicia

Foi a finais de 2016 cando o Consello Económico e Social de Galicia (CES) tomou conciencia da necesidade de abordar a través dun informe a situación do sector industrial galego. E é que, en particular, o sector manufactureiro é clave para xerar valor e emprego, sendo así que este sector ten un destacado papel como tractor de outras actividades e servizos que forman parte da súa cadea de valor.

Pero a inquietude polo futuro do sector industrial é amplamente compartida non só no CES e en Galicia en xeral, senón que se trata dun asunto prioritario tamén para España e para a Unión Europea. A propia Comisión Europea asume como un reto a reindustrialización de Europa e a enmarca na súa estratexia “Una política industrial integrada para la era de la globalización”, na que establece como obxectivo que a industria represente o 20% do PIB europeo en 2020. En España, o propio CES do Estado foi o escenario dunha declaración dos axentes sociais instando ao desenvolvemento dun Pacto de Estado pola Industria.

Pois ben, “Por unha alianza no sector industrial galego” é o título da iniciativa que lidera o Consello Económico e Social de Galicia sobre o sector manufactureiro, e que se concreta nun informe non só de diagnose senón que fixa tamén precisas liñas de actuación dirixidas ao sector en xeral pero moi particularmente aos poderes públicos, por se nelas puideran encontrar referentes cos que conducir a súa actuación.

Xa en xuño de 2017 todas as organizacións representadas no CES decidiron aprobar unha declaración institucional que, ademais de recordar a problemática e retos de futuro aos que se enfrenta o sector, establecía as liñas esenciais nas que debían incidir os traballos.

A idea que ten guiado o traballo destes meses foi a de canalizar a capacidade de diálogo dos interlocutores sociais galegos para desenvolver unha política industrial que asegure un “crecemento económico inclusivo”. Dende o CES de Galicia, como foro permanente de diálogo entre as organizacións que con-

forman o tecido económico e social galego e as institucións autonómicas, entendemos que este é o marco idóneo para acometer esta tarefa cunha visión compartida por todos.

Pero mais aló do marco de interlocución e diálogo, consubstancial ao CES, pretendemos tamén establecer unha metodoloxía áida mais participativa dando entrada a todos aqueles actores que tiveran presenza no sector: asociacións, centros tecnolóxicos, universidades, empresas, sindicatos, Administración Pública... Así, ao longo destes meses, teñen pasado pola nosa sede ao redor de cen representantes de distintas organizacións dos ámbitos público e privado, reunidas en torno ás distintas áreas temáticas nas que se divide o informe. A idea era a de mobilizar todas as vontades necesarias para consolidar a imprescindible transición do sector industrial galego cara a un ecosistema adaptativo, capaz de compatibilizar a consolidación do territorio como centro xeográfico de producción material de certos bens e servizos avanzados cunha aposta firme e sostida pola xeración de coñecemento para a innovación.

E é que o nome da nosa iniciativa “Por unha alianza non sector industrial galego” non é casual xa que dende os seus albores, a pretensión das organizacións e axentes socioeconómicos representados no Consello Económico e Social foi a de lograr un amplo consenso e a máxima colaboración de todos os implicados.

Moitas son as persoas e institucións ás que queremos mostrar o noso agradecemento pola súa contribución a este proxecto.

Permitanme, en primeiro lugar, dar as grazas ás organizacións e entidades representadas neste Pleno e aos seus membros polo seu esforzo e dedicación e, sobre todo, polo seu talante dialogante e, en definitiva, pola súa boa disposición a encontrar puntos de encontro e acordo. Quero tamén agradecer ao persoal do CES o seu traballo e bo facer ao longo destes meses.

Por outro lado, tamén, o meu agradecemento ao equipo da Universidade de Vigo que coordinou o informe e, en particular, ao seu director, o Catedrático Xosé H. Vázquez, polo seu esforzo e o rigor mostrado co seu traballo.

Así mesmo quero tamén recoñecer o compromiso do Consorcio da Zona Franca de Vigo co desenvolvemento económico e coa implementación de estratexias para fomentar a creación de riqueza e emprego, e que neste proxecto aportou a súa experiencia tanto na elaboración do informe como en todas as actividades de acompañamento realizadas.

Todos os actores con presenza no sector son decisivos á hora de elaborar estratexias de futuro, e o foron tamén neste caso. Quero agradecerles a todos a súa resposta e implicación neste proxecto.

Finalmente, quero mostrar tamén, en nome do CES, o meu agradecemento á Administración autonómica, presente a través da Consellería de Economía Emprego e Industria, en particular a través do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) e da Consellería de Facenda, polo seu apoio e pola súa receptividade ao proxecto.

## DECLARACIÓN INSTITUCIONAL



Pleno Extraordinario de lanzamento da iniciativa “Por unha Alianza no Sector Industrial Galego” celebrado o día 2 de xuño de 2017.

Nunha era de intenso cambio tecnolóxico e globalización económica, o sector manufactureiro galego está sufrindo fortes presións de grande impacto na súa capacidade para xerar valor e emprego. Dende 2008, e pese á recuperación de 2014, o Valor Engadido Bruto da industria manufactureira en Galicia retrocedeu 16 puntos ata poñerse no ano 2016 en niveis lixeiramente superiores aos de 2004 (IGE, 2017a). O emprego, pola súa banda, baixou 33 puntos porcentuais (INE, 2017a). Tal e como se leva expresando nos últimos anos na Memoria Socioeconómica de Galicia elaborada polo CES, esta dinámica está xerando importantes prexuízos no efecto que tradicionalmente ten o sector manufactureiro sobre o crecemento da nosa economía.

En primeiro lugar, dificulta o avance na producción e xeración de coñecemento en bens de equipo, o cal representa o cerne do noso potencial para estabilizar un crecemento económico sostido. Doutro lado, os problemas do noso sector manufactureiro exercen un efecto multiplicador negativo sobre o desenvolvemento dunha parte importante das actividades de servizos que forman parte da súa cadea de valor. En terceiro lugar, tendo en conta que só o 20% do comercio internacional está composto por servizos (IGE, 2011), a fortaleza do noso sector manufactureiro condiciona significativamente as nosas posibilidades exportadoras e, por tanto, a nosa capacidade de inserción na economía internacional.

## Dende o 2008, o VEB industrial galego retrocedeu 16 puntos ata poñerse en niveis de 2004.

Para o CES, a elaboración dunha diagnose pasa por identificar as dúas grandes forzas motrices que condicionarán nos próximos dez anos as nosas posibilidades de emendar a situación actual:

Por unha banda, áinda con certos altibaixos, existe unha crecente integración económica alén da europeización da nosa economía motivada pola espectacular redución dos custos de transporte e comunicación, así como pola diminución das barreras técnicas e legais ao intercambio internacional de bens, servizos, capital, coñecemento e, en menor medida, persoas. A competencia nos mercados tradicionais das empresas galegas procede así, coma sempre, dos países con altas taxas de I+D, pero tamén cada vez con máis forza dun crecente número de países que, ademais de menores custos laborais e medioambientais, contan cun capital humano en rápida expansión dende o punto de vista das súas cualificacións. O certo é que, pese ás fortalezas da nosa industria asentadas sobre o dinamismo emprendedor de certos sectores, unha sólida conexión co exterior de empresas tractoras, e un capital humano de estándar internacional, son cada vez más evidentes as dificultades que temos para atraer novos investimentos de empresas foráneas e reter os daquelas que xa teñen centros de producción en Galicia.

A próxima xeira de desprazamentos de emprego non provirá, porén, da rivalidade internacional, e moito menos de relocalizacións da producción en lugares próximos a Galicia. O ritmo implacable da automatización estanos aproximando a un cambio de paradigma de consecuencias difícilmente previsibles sobre a cantidade e a cualificación do emprego. A revolución que se está a dar no ámbito da Intelixencia Artificial aproximadamente dende 2010, cando se producen avances espectaculares en aprendizaxe automático, big data e potencia computacional, xerará no curto prazo novos tipos de emprego e posibilitará o desenvolvemento de novos modelos de negocio. Paralelamente, sen embargo, sabemos que se van producir transicións de emprego complexas, tanto no ámbito operario como no máis cualificado. O horizonte a 10 anos dende este punto de vista remite a un período de certa incógnita respecto ao crecimiento económico, así como á necesidade de abordar possibles niveis de desigualdade que quizais tensionen o Estado de Benestar europeo.

Neste contexto, o CES decidiu liderar unha iniciativa, denominada **“POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”**, que busca canalizar e intensificar a capacidade de interlocución dos axentes sociais galegos para cooperar no desenvolvemento dunha política industrial de longo prazo

que asegure un “crecemento económico inclusivo”; idea que fai referencia a un crecemento no que participan e do que se benefician amplos segmentos da sociedade sen comprometer a capacidade de xeracións futuras para satisfacer as súas propias necesidades.

O “sector industrial” agrupa nesta iniciativa a industria manufactureira e os servizos asociados á súa cadea de valor. Manufacturas, servitización e servizos avanzados externos son hoxe en día actividades complementarias na proposición de valor de calquera empresa industrial: deben intensificar a relación entre fabricante e usuario dotando aos produtos tangibles de servicios intangibles (e.g., instalación, mantemento, asesoramento, formación, mellora de funcionalidades, instrumentos de cobro e pago, etc.). En troques, por “política industrial” entenderemos o conxunto de iniciativas que procuran a transformación estrutural da economía cara a actividades de maior produtividade.

**O ritmo implacable da automatización estanos aproximando a un cambio de paradigma de consecuencias difícilmente previsibles sobre a cantidade e cualificación do emprego.**

Baixo este marco analítico, o CES reclama fórmulas de intervención horizontal que actúen sobre o contorno económico sen discriminación sectorial, así como ferramentas que aborden problemáticas verticais concretas de sectores específicos. En ambos casos necesitamos cambios regulamentarios, provisión de inputs públicos (como infraestruturas físicas ou formación) e incentivos de mercado (subsídios, desgravacións, financiamento, protección comercial, etc.) en cinco grandes áreas que deben ser obxecto dunha reflexión pausada.

Resulta urxente, en primeiro lugar, reflexionar sobre a **REGULACIÓN DAS CONDICIONES MARCO** que dá cobertura á actividade empresarial. Leis, normativas, prácticas empresariais e políticas deben ser obxecto de reforma porque condicionan os incentivos para liberar o potencial do noso capital humano e emprendedor, incrementar a eficiencia na utilización dos recursos, e desenvolver en xeral as capacidades que garanten un crecemento sostido da produtividade. Sen ánimo exhaustivo, as reformas deben atinxir á regulación sobre apertura de empresas, obtención de permisos de construcción, conexión de electricidade, rexistro de propiedades, competencia e crecemento empresarial, eficiencia e calidad do sistema xudicial mercantil e laboral, medidas de seguridade e protección medioambiental, así como á avaliación ex post de cambios regulamentarios e das políticas públicas.

O segundo dos eidos que o CES considera importante repensar é o que ten que ver cos **FACTORES DE COMPETITIVIDADE**. Boa parte da retórica actual sobre as dificultades do noso sector manufactureiro para competir nos mercados internacionais, e mesmo para atraer novos investimentos, require de actuacións decididas en materia de chan industrial, condicionamentos loxísticos, infraestruturas físicas e Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC), custo e calidade da subministración enerxética, e posibilidades de redución e tratamento de refugallos. Particularmente importante resulta a definición e despregue dun Plan de Dixitalización que, coordinando os esforzos das administracións, procure fundamentalmente tres obxectivos: garantir a disponibilidade de conexións de alta velocidade ao longo das principais vías de comunicación que unen a Galicia co resto do Estado (zonas ben comunicadas e con chan industrial a menor custo que na franxa atlántica), estender o uso das TICs nas familias e nas empresas para favorecer cidades, edificios e fogares intelixentes, e finalmente, desenvolver solucións de eficiencia enerxética sustentados sobre a Internet das Cousas (IoT) e Redes Eléctricas Intelixentes (Smart Grids).

En terceiro lugar, todo o potencial de futuro da nosa industria depende das competencias e capacidades que logremos desenvolver no noso **CAPITAL HUMANO E RELACIÓNIS LABORAIS** e, en menor medida –dada a nosa escasa capacidade de atracción de talento internacional– da habilidade para captar profesionais e investigadores galegos no exterior, así como persoal técnico e de xestión con localización adxacente no noroeste peninsular. Son imprescindibles as actuacións, por tanto, na formación e distribución das habilidades cognitivas e non cognitivas, na demanda de cualificacións e formación para a nova xeira de cambios tecnolóxicos que está xa chegando, nas políticas que necesitamos para facilitar transicións non traumáticas de traballadoras e traballadores expulsadas do mercado laboral, na profesionalización da xestión, e nas fórmulas de contratación para a incorporación de estudiantes de ensino superior á empresa.

Un cuarto punto considerado crucial polo CES está relacionado coa **INVESTIGACIÓN E A INNOVACIÓN**. Nun contorno globalizado onde a intensidade e velocidad de difusión do cambio tecnolóxico está xa condicionando a maneira de producir e consumir, para o CES é esencial complementar a preocupación polo nivel de gasto público en I+D+i cunha preocupación constante e permanente pola eficacia dese gasto. Nun contorno como o actual, faise máis necesario que nunca que as administracións públicas leven intelixentemente o temón da I+D+i nun barco onde os axentes sociais poidan remar sincronizadamente. É decisivo neste sentido identificar os fallos de mercado existentes para estimular a I+D, facilitar a incorporación de innovacións que descarbonicen e desmaterialicen os produtos e procesos industriais, favorecer urxentemente con toda a flexibilidade necesaria a aposta audaz dos emprendedores por novos modelos de negocio, e estimular a creación de espazos de oportunidade abertos pola Industria 4.0 en materia de proposición de valor, xestión das operacións, e apertura de novos mercados internacionais.

Finalmente, o CES centra o seu foco de atención sobre o **INVESTIMENTO E ATRACCIÓN/RETENCIÓN DE CAPITAIS**. Calquera das áreas de trabalho anteriores teñen un efecto significativo sobre este aspecto, pero a súa importancia intrínseca require de actuacións decididas que o CES deseña salientar baixo a forma de iniciativas que afectan á dimensión, acceso ao financiamento e estrutura de capital, á apertura comercial e aos fluxos e stocks nos mercados de capitais. Cunha énfase especial, sen embargo, o CES propón unha vixilancia específica sobre a captación de investimentos internacionais e os incentivos á retención da actividade industrial relocalizable. Neste sentido, é particularmente relevante desenvolver iniciativas diferentes para os dous tipos de factores –relacionados pero de implicacións distintas– que condicionan neste ámbito as decisións das empresas: por un lado, os factores motivadores de novas instalacións e relocalizacións (factores de atracción ou de saída relacionados co acceso a recursos, man de obra ou políticas de reestruturación das empresas), e por outro, factores facilitadores das mesmas; factores que, sen ser motivadores, si favorecen –ou dificultan– a relocalización de actividade industrial, tales como as condicións loxísticas de aprovisionamento e expedición, a intensidade de capital, a complexidade dos procesos e produtos, ou as economías de aglomeración.

Baixo este espírito, co liderado dos membros do CES pero cunha metodoloxía participativa na que están presentes diferentes axentes que lideran o sector en Galicia, a iniciativa **“POR UNHA ALIANZA NO SECTOR INDUSTRIAL GALEGO”** busca mobilizar todas as vontades necesarias para consolidar a transición do sector industrial galego cara un ecosistema adaptativo; un ecosistema capaz de compatibilizar a consolidación como centro xeográfico de producción material de certos bens e servizos avanzados cunha aposta firme e sostida pola xeración de coñecemento para a innovación.

## 5 áreas clave:

- AT1. Regulación das **condicións marco****
- AT2. Factores de **competitividade****
- AT3. Capital humano e **relaciónis laborais****
- AT4. Investigación e **innovación****
- AT5. Investimento e **atracción /retención de capitais****

